



## **NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA PARTE II**

### **PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES FÉLIX MURIEL DE RIANXO PARA DESENVOLVER NO CURSO ACADÉMICO 2008-2009**

No curso 2007-2008 iniciamos un proxecto de innovación en normalización lingüística a cuxo resultado se pode acceder na páxina [www.bicodaria.org](http://www.bicodaria.org)<sup>1</sup>. Escollemos este proxecto partindo de que o noso centro de ensino está situado nun contexto galegófono, pero con deficiencias nos usos cultos da lingua. A nosa intención era a de normalizar o galego precisamente nestes rexistros.

Inclinámonos por recuperar termos das embarcacións tradicionais (gamela, racú, lancha xeiteira, ...) e polo ámbito deportivo (remo banco fixo e vela) para que o noso labor chegue ao maior número de alumnado e, ao mesmo tempo, aproveitar a colaboración das escolas deportivas do Concello.

Ao expoñer a programación deste proxecto, fixémoslo coa idea de continuidade. Agora con parte do camiño percorrido podemos ver as posibilidades de diversificar a orientación deste labor. Este é o motivo que nos levou a presentar un novo proxecto con novas vías de investigación.

---

<sup>1</sup> Na sección *Materiais* poden verse os resultados finais (vocabularios e láminas) e na sección *Nós* encóntrase un artigo no que se explica en que consistiu o proxecto.



## **1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

Escollemos este proxecto fundamentalmente polas razóns que de seguido quedan expostas:

- ✓ A existencia de escolas deportivas no concello de Rianxo que están dirixidas a toda a poboación.
- ✓ As escolas deportivas nótrense fundamentalmente do alumnado que está, estivo ou vai estar no IES.
- ✓ O alumnado do IES é galegófono nunha porcentaxe que supera o 80%, aínda que ten funcionamentos diglósicos e moitos prexuízos, o que o leva a rexeitar o uso da lingua propia en contextos formais.
- ✓ O alumnado participa activamente nos deportes usando o vocabulario técnico en castelán, por descoñecemento da terminoloxía galega.
- ✓ Existe unha importante riqueza de vocabulario relacionado co mar entre os mariñeiros de maior idade que se está perdendo.
- ✓ Existe un traballo de investigación terminolóxica relacionado co mar e os deportes do mar que xa se está realizando no ENDL do IES Félix Muriel con idea de continuidade e que necesita ser rematado.



## 2. OBXECTIVOS:

Os xerais:

- a. Normativizar terminoloxía dos deportes náuticos
- b. Recuperar terminoloxía relacionada coas embarcacións e actividades mariñeiras tradicionais
- c. Difundir o traballo terminolóxico
- d. Aproveitar este traballo para outras disciplinas
- e. Implicar á comunidade educativa e outras entidades externas neste proxecto

Específicos:

- a. Ampliar a terminoloxía marítima deportiva, completando a do remo banco fixo e a vela co **piragüismo**. Neste curso xa fixemos as fotografías e contactamos cos clubs para recoller textos especializados.
- b. Completar a terminoloxía das actividades mariñeiras tradicionais coa investigación do eido das **bateas e das técnicas de pesca tradicionais**: recollida da vieira, da zamburiña, da xouba e da nécora.
- c. Difundir o devandito vocabulario en diferentes soportes (trípticos, adhesivos, fichas de traballo, internet...).
- d. Realizar **curtametraxes** sobre:
  - ▶ carpintería de ribeira (xa que só quedan un par delas en toda a comarca do Barbanza)
  - ▶ os procesos da batea: "ir a mixilla". "proceso de suxeición da cría nas cordas"; "desdobre das cordas"; "recollida e transporte a porto"...
  - ▶ a pesca da xoubiña: técnica tradicional "ao xeito"
  - ▶ a embarcación a vela: partes, montaxe, técnicas e manobras
  - ▶ a embarcación a remo: partes da embarcación, técnica e manobras



- e. Elaborar materiais terminolóxicos en soporte dixital (arquivos de imaxe e audio vinculados ao léxico cunha orientación didáctica e divulgativa).
- f. Crear conciencia entre a poboación sobre a necesidade de enriquecer os usos lingüísticos.
- g. Facer reflexionar o alumnado e o seu contorno social, como usuarios, sobre os usos lingüísticos no rexistro formal.
- h. Conseguir unha valoración positiva do idioma por parte de toda a comunidade educativa.
- i. Provocar a reflexión sobre os funcionamentos diglósicos da poboación do concello en relación co léxico dos deportes.
- j. Estimular a educación cívica ao empregar como mecanismo de traballo a posta en relación das distintas xeracións para a obtención de información sobre o campo léxico que se pretende traballar (recuperación de léxico tradicional).
- k. Darlle un pulo á aprendizaxe e ao correcto uso da lingua mediante o tratamento de deportes practicados polo alumnado, aproveitando o feito de que constitúen un excelente factor de motivación.
- l. Traballar de forma activa e participativa as competencias oral e escrita de recepción e produción...
- m. Traballar activamente a interdisciplinabilidade para provocar no alumnado unha reacción positiva cara ás materias do currículo, fomentando así a súa participación e o seu interese.
  - ❑ Linguas: lingua galega sobre todo, pero tamén lingua castelá, inglesa, francesa ou portuguesa, mediante o traballo de investigación documental.
  - ❑ Artes plásticas -nas que incluímos a reportaxe gráfica para a elaboración do cuestionario- mediante o traballo de ilustración.
  - ❑ Actividade física e deportiva.



- ❑ Técnicas de expresión escrita e técnicas de expresión oral. Como elaborar un cuestionario neutro e de que xeito realizar as enquisas - como presentar as preguntas para non contaminar as respostas-.
- ❑ Novas tecnoloxías: toda a información recollida terá que ser informatizada en bases de datos, as ilustracións terán que ser escaneadas e tratadas, así como as fotografías. Haberá que deseñar materiais con diferentes programas e, ao final, será necesario colgar a información na rede de xeito que sexa agradable e de fácil emprego; polo tanto, haberá que realizar unha páxina web.
- ❑ Educación cívica ou para a cidadanía, ao empregar unha metodoloxía de traballo como a que presentamos, preténdese fomentar a colaboración entre todos e todas e, xa que logo, o compromiso, a responsabilidade e fundamentalmente o respecto.
- ❑ Levar a cabo unha difusión o máis ampla posible e un óptimo aproveitamento do resultado do traballo mediante a súa inclusión na rede (páxina web).



### 3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

#### 3.1. METODOLOXÍA

No desenvolvemento do traballo de investigación combinarase unha metodoloxía teórico-práctica que implique directamente a todos os membros do equipo de traballo, a meirande parte da comunidade educativa, así como a maioría do alumnado do centro (integrantes ou non das escolas deportivas) e as súas familias ou achegados.

- ❑ Organización de grupos de traballo, tentando crear grupos equilibrados en canto a número de integrantes. Cada grupo estará titorizado por un membro do Departamento de Normalización que se encargará de orientalos e asesoralos no que precisen, mediante unha reunión semanal con eles.
- ❑ Especificación de obxectivos para os diferentes grupos cun cometido definido concreto e delimitado tanto no seu contido coma na súa temporalización. Adaptarase sempre o traballo ao nivel do grupo, procurando non asignarlles tarefas demasiado complicadas aos primeiros niveis da ESO.
- ❑ Consecución de representacións gráficas dos aparellos empregados para as distintas actividades deportivas: piragüismo, e mariñeiras e de técnicas de pesca tradicionais: recollida de vieira, da zamburiña, da xouba e da nécora así como da batea, xa sexa mediante a realización de imaxes gráficas ou mediante investigación documental (enciclopedias, internet...).
- ❑ Deseño de cuestionarios sobre o léxico tradicional referido ás bateas e ás técnicas de pesca tradicionais, ao seu manexo, e aos usos das mesmas. Tamén se traballará o vocabulario que aluda ao equipamento e ás expresións idiomáticas relacionadas co piragüismo.
- ❑ Recollida de datos a través das enquisas. Haberá fundamentalmente dous tipos de enquisas: aquelas baseadas nas fotografías ou ilustracións dos aparellos e das embarcacións, e aquelas outras feitas a partir de preguntas do tipo: *Como lle chama vostede a...? Vostede como lle dicía a...?* etc.
- ❑ Organización dos distintos equipos de traballo para levar a cabo as gravacións.



- ❑ Elaboración dos guións para a filmación das diferentes curtametraxes.
- ❑ Tratamento da información recollida.
- ❑ Traballo de revisión e comprobación de datos mediante todo tipo de consulta bibliográfica.
- ❑ Elaboración de materiais: trípticos, adhesivos e carteis (así como camisetas con lemas relacionados co traballo).
- ❑ Elaboración dunha edición en papel de tódolos vocabularios en tríptico ou nun volume tipo dicionario.
- ❑ Elaboración e exposición de láminas con vocabulario.
- ❑ Difusión dos materiais terminolóxicos en soporte dixital
- ❑ Difusión das curtametraxes realizadas entre varios órganos de interese: museo do mar?, escolas deportivas?
- ❑ Difusión de toda a información en soporte dixital.



### 3.2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES:

- a. Formación dos grupos de traballo  
No primeiro Claustro e Consello Escolar do curso 2008-2009 presentarase o proxecto pormenorizado para acadar o maior grao de compromiso de toda a comunidade educativa. Buscarase especialmente a colaboración dos profesores/as-titores e dos departamentos para promover a difusión da información entre o alumnado e motivalos a colaborar.  
Nos primeiros días de curso, o profesorado que decida colaborar co proxecto farán a súa presentación nos diferentes grupos-clases e co alumnado voluntario organizaranse os grupos de traballo.
- b. Reparto de tarefas entre os distintos grupos. O primeiro paso é conseguir unha listaxe das ilustracións e fotografías necesarias para a elaboración dos cuestionarios.  
Posteriormente, procederase á súa recollida.
- c. Elaboración das enquisas destinadas á recuperación do léxico por parte dos membros do grupo de traballo, a través das fotografías e ilustracións que previamente nos achegarán os colaboradores. Tamén se realizarán enquisas onde se recollerá información a través de preguntas do tipo: *Vostede como lle chama/chamaba a...? Como lle dicían a/cando...?*
- d. Reparto dos cuestionarios entre o alumnado para realizar as enquisas entre as persoas maiores do Concello. A finalidade deste labor é recoller o vocabulario específico relacionado co mar, as bateas, as distintas artes de pesca, cos deportes marítimos, etc. Será necesario indicarlles aos alumnos e alumnas como escoller as persoas enquisadas: procurar escoller un suxeito maior de 60 anos, se pode ser, que non sexa nin neofalante, nin emigrante retornado, nin de fóra do Concello, preferentemente mariñeiro.
- e. Reparto dos cuestionarios ao alumnado para realizar enquisas a través de fotografías e ilustracións, entre os deportistas, directiva e persoas relacionadas co piragüismo.
- f. Tratamento dos datos: recollida da información dos cuestionarios e o seu posterior tratamento lexicográfico. Para isto, contactaremos coa Sociedade Galega de Terminoloxía, co Instituto da Lingua Galega, con Termigal, cos Servizos de Normalización da Universidade de Vigo e da





Coruña... con todo, pensamos que a causa da especificidade deste traballo os resultados do asesoramento poden ser limitados.

- g. Elaboración dos materiais citados anteriormente (trípticos, adhesivos, carteis...).
- h. Difusión da información na rede e en papel.
- i. Presentación dos materiais durante a semana cultural de maio.



#### **4. RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO EN BENEFICIO DO PROXECTO**

- a. Aula de normalización coa infraestrutura mínima necesaria para desenvolver o traballo do grupo, dado que practicamente todos os membros participantes son membros do equipo de normalización lingüística.
- b. Aula de plástica dotada de recursos para a elaboración de carteis e demais material.
- c. Aula de informática con acceso a internet.
- d. Biblioteca dotada cos exemplares existentes co léxico específico referido ao campo de traballo, así como con enciclopedias e dicionarios bilingües.

#### **5. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN DO CONTORNO**

En principio, e sen rexeitar ningunha colaboración que poida xurdir a posteriori, confiamos contar coa colaboración de:

- Concello de Rianxo.
- Museo do Mar de Rianxo
- Escolas deportivas do Concello.
- Club Piragüismo de Rianxo.
- Club de remo de Rianxo.
- Club de vela de Rianxo.
- Centros socioculturais parroquiais do concello.
- Estaleiros situados no porto de Rianxo.
- Confraría de pescadores e asociación de mariscadoras.



## **6. PLAN DE AVALIACIÓN**

Para facer un seguimento das actividades, vanse levar a cabo as seguintes medidas:

- a. Reunións periódicas dos titores e titoras dos diferentes grupos, nas que se irá comprobando o desenvolvemento do proxecto e facendo reajustes da programación.
- b. Traballo de titorización dos grupos para supervisar o proceso.
- c. Fichas de traballo para que o profesorado que así o desexe poida traballar a información obtida na clase (xa sexa nas clases de lingua e literatura galegas coma nas clases de titoría actividades de estudo, obradoiros, etc).
- d. Enquisas deseñadas en soporte papel e máis dixital para que todos os usuarios e usuarias poidan manifestar a súa valoración e interese sobre o material editado e poder determinar o seu impacto.
- e. Á marxe das enquisas referidas no parágrafo anterior, na páxina web haberá tests para que os usuarios e usuarias poidan valorar o noso traballo.
- f. Cuestionario específico para cubrir por todos aqueles membros do profesorado que levaron a cabo a tarefa de titorización dun ou máis grupos de traballo.
- g. Envío de materiais á Consellería de Deportes e mais á Sociedade Galega de Terminoloxía, para a súa avaliación externa e posterior revisión e corrección.



## 7. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Tanto o profesorado pertencente ao grupo de normalización coma aquel que colabore co proxecto necesita a seguinte formación para o normal desenvolvemento do seu traballo:

- a. Curso breve de tratamento de terminoloxía.
- b. Curso de Corel-Draw para o deseño de materiais.
- c. Curso de formación para a publicación de materiais en soporte dixital.
- d. Curso de formación para a elaboración, realización e montaxe de curtametraxes.

## 9. MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO

A propia dinámica do proxecto, dado que implica a maioría do alumnado, conleva a que a súa difusión se estenda entre eles e o seu contorno dende o primeiro día. Ademais, ó ser continuidade do proxecto anterior está xa publicitado entre toda a comunidade educativa pola xornada desenvolvida o 17 de xuño e a súa repercusión nos medios de comunicación (reportaxe de *La Voz de Galicia* día 25, xornal *Certo*, entrevista na COPE...

Elaborarase material de difusión (trípticos, adhesivos, carteis, materiais en soporte dixital, etc.) para a súa posterior distribución.

Se o tempo o permitise, elaborarase unha unidade didáctica concreta sobre o vocabulario específico deste ámbito destinada ao alumnado da ESO.

Toda a información resultado deste traballo de investigación, estará na rede a disposición dos usuarios e usuarias, na páxina web do ENDL que conterá, ademais do léxico recollido e tratado, fotografías, vídeos, ilustracións, tests...